



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Dereito Mercantil		Código	650G01006
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Fernández-Montells Fernández, Julian	Correo electrónico	j.fernandez-montells@udc.es	
Profesorado	Arevano Fuentes, Mº de la Cruz Fernández-Montells Fernández, Julian	Correo electrónico	m.arevano@udc.es j.fernandez-montells@udc.es	
Web				
Descripción xeral	O contido de está asignatura trata de proporcionar ao alumno un marco de referencia básico para o estudo interdisciplinar, sistemático e compresivo do proceso contemporáneo de transformación do mundo da empresa. Deste xeito, a asignatura denominada Dereito Mercantil ten por obxecto o estudo das relacións xurídicas que se xeran en torno ao empresario como suxeito nuclear da materia e que se caracteriza por levar a cabo unha actividade constitutiva de empresa. O estudo desta disciplina ofrecerá ao estudiante o coñecemento do fenómeno empresa desde unha perspectiva xurídica que resulta complementaria á visión económica e/ou contable que se ofrece desde outras asignaturas impartidas no Grado en Ciencias Empresariais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Coñecer os conceptos fundamentais do Dereito da empresa.	A2 A3 A7 A15 A16 A17 A18 A19 A21 A23	C1 C3 C5 C6 C7 C8
Adquirir os coñecementos básicos para detectar os problemas xurídicos que poidan xurdir na administración dunha empresa.	A1 A2 A11	B1 B2 B3 B4
Coñecer a normativa básica relativa ao derecho da empresa.	A2 A3	B5 B6 B7 B8 B13 B14



Ser conscientes da importancia do respecto ao ordenamiento xurídico na administración da empresa.	A7 A9 A13	B10 B11 B12	
Identificar as fontes de información xurídica relevantes.	A2 A14		
Aprender a manexar as bases de datos xurídicas fundamentais.		B9	C3
Comprender a linguaxe xurídica e os textos xurídicos.			C1 C4
Aprender a resolver problemas xurídicos individualmente e en grupo.	A22		
Utilizar correctamente a linguaxe xurídica, tanto en forma oral como por escrito.			C1 C2
Comprender a importancia do Dereito como medio de resolución pacífica das controvencias e de resolución dos conflitos de intereses.	A5 A10 A12		C8

Contidos	
Temas	Subtemas
O Dereito da empresa	Concepto e historia Contido Fontes
A empresa e o empresario	Concepto de empresa Negocios xurídicos sobre a empresa Concepto de empresario Responsabilidade do empresario O estatuto xurídico do empresario: contabilidade e Rregistro Mercantil Os colaboradores do empresario
O Dereito da competencia	Dereito de defensa da competencia Dereito contra a competencia desleal
Propiedade intelectual	Os signos distintivos As creaciones industriais O dereito de autor
Teoría xeral de sociedades	Concepto de sociedade Clases de sociedades
A sociedade anónima e a sociedad de responsabilidade limitada	Concepto, caracteres e constitución Accións e participacións Órganos Contas anuais Modificación de estatutos e modificacións estruturais Emisión de obligacións Disolución, liquidación e extinción
Outros tipos sociais ou sociedades especiais.	A cooperativa A sociedade profesional A sociedade cotizada Unions de empresas e grupos de sociedades
Os títulos valores	Teoría xeneral dos títulos valores A letra de cambio O cheque O pagaré



Os contratos mercantis	A compraventa A comisión e a axencia O transporte O seguro Os contratos bancarios Os contratos marítimos
O concurso	A declaración do concurso e os seus efectos Determinación das masas activa e pasiva Solucións do concurso e terminación do procedemento

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A7 B6 B7 B8 B9	17	66	83
Lecturas	A9 A11 A16 A17 A18 A19 A21	0	5	5
Estudo de casos	A12 A13 A14 A15 A22 B10 B11 B12	25	25	50
Traballos tutelados	A10 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	10	10
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Cada lección abrirase coa explicación por parte do profesor dos aspectos fundamentais do tema
Lecturas	Ofreceranse ao alumno algún libro ou artigo básico para que se familiarice coa lingua xe xurídica.
Estudo de casos	Achegarase unha ficha coa formulación do caso para que con axuda do profesor e de material didáctico, a utilizar polo alumno, responda ás cuestiós que se lle formulen.
Traballos tutelados	Encárgase ao alumno realizar un estudo detido sobre un tema determinado e guíaselle na elaboración do traballo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lecturas	O profesor axuda ao alumno a elixir un tema apropiado e oriéntao na súa realización, revisando a súa estrutura, conclusiós, etc.
Traballos tutelados	
Estudo de casos	Formaranse dous grupos de 15 alumnos. Estes dous grupos recibirán unha tutoría de 4 horas cada un (en dúas sesiós de dúas horas) para poder resolver dúbihdas sobre a elaboración dos traballos ou outras cuestiós da materia. Para os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de asistencia, acordarase un calendario de tutorías compatible coa súa dedicación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Lecturas	A9 A11 A16 A17 A18 A19 A21	Valorarase a compresión do caso sometido a lectura a través da exposición oral ou escrita, non só do tema sometido a lectura se non tamén das normas xurídicas que sexa aplicables ao caso proposto.	5
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A7 B6 B7 B8 B9	Realizarase un exame final sobre os contidos teóricos que o alumno deberá aprobar para superar a materia e que terá un peso decisivo na nota final. Para os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia acordarase unhas datas compatibles coa súa dedicación, salvo para as datas aprobadas en Xunta de Facultade.	70
Traballos tutelados	A10 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Correxirase o traballo realizado	20
Estudo de casos	A12 A13 A14 A15 A22 B10 B11 B12	Avaliaranse as fichas entregadas aos alumnos considerando a comprensión do suposto práctico formulado e a idoneidade das normas xurídicas que fosen aplicadas.	5

Observacións avaliación

Será necesario obter como mínimo 5 puntos no exame final sobre contidos teóricos para seguir engadindo os demais conceptos da avaliación continua. Con relación a avaliación realizarase un exame tipo test de 20 preguntas cunha duración de 20 minutos. Representará o 70% da valoración da materia. Clases prácticas e traballos que representarán o 30% da calificación final. As preguntas tipo tes valoraránse con 0,5 puntos as preguntas ben contestadas; -0,10 as mal contestadas e -0,05 as preguntas non contestadas. Chegando ao aprobado con un 5. Considerarase "Non presentado" ao alumno que tivese unha participación inferior ao 20%. Os criterios de avaliación serán os mesmos para todas as oportunidades.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Jiménez Sánchez, G. (Última edición.). Nociones de Derecho Mercantil. Marcial Pons - Sánchez Calero, F. (Última edición.). Principios de Derecho Mercantil. Aranzadi
Bibliografía complementaria	- Jiménez Sánchez (Ult. ed.). Lecciones de Derecho mercantil. Marcial Pons - Sánchez Calero (Ult. ed.). Instituciones de derecho Mercantil. Aranzadi - Alcover Grau (Ult. ed). Introducción al Derecho Mercantil. Dilex - Broseta Pont (Ult. ed.). Manual de derecho Mercantil. Tecnos

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías